

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Anexo de expropiación: Proxecto de melloras da rede de saneamento 2020 na intersección rúa Carpinteiros e rúa Oriente. *Aprobación inicial e información pública.*

Expediente: 2024/U040/000004

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de abril de 2026, aprobou inicialmente o Anexo de expropiacións para a imposición dunha servidume de acueduto soterrada, para os colectores de saneamento e pluviais na intersección da rúa Carpinteiros coa rúa Oriente, así como a ocupación temporal dos terreos necesarios para a execución da obra hidráulica prevista na actuación 7 do proxecto «Melloras da rede de saneamento 2020 (OBR. 14/2022)», aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 26/09/2022; segundo o documento presentado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. o 24/11/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900007701.

No mesmo acordo, no seu punto segundo, declarouse a utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra hidráulica prevista no mencionado proxecto construtivo, de conformidade co disposto nos artigos 28, 29 e na disposición adicional oitava da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

Polo que se somete a información pública, o proxecto da obra e o anexo de expropiacións, por un prazo de 20 días, para que as persoas que se consideren interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, co fin de rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persigue.

Así mesmo, requíreselle aos titulares dos bens e dereitos afectados para que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios dos mesmos.

A relación de bens e dereitos afectados que se inclúe no anexo de expropiacións é a seguinte:

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS		
	FINCA 1	FINCA 2
Titular	Mónica Isabel Lado Varela	Rafael Barca Varela
Ref. catastral	5444445NH2854S0001QF	5444409NH2854S0001GF
Clasificación urbanística	Solo urbano consolidado (sistema viario)	Solo urbano consolidado (sistema viario)
Situación básica solo	Urbanizado	Urbanizado
Destino	Horta	Fronte edificación
Superficie total	530 m ²	347 m ²
Sup. Servidume acueduto	21 m ²	22 m ²

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Sup. Ocupación temporal	34 m ²	18 m ²
--------------------------------	-------------------	-------------------

Os documentos estarán a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e na páxina web deste Concello, premendo a seguinte ligazón:

<https://carballo.gal/urbanismo-e-axenda-urbana/documentos-en-tramitacion/>

Carballo, 2 de xuño de 2026

O alcalde
José Daniel Pérez López